



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Lingua galega e a súa didáctica		Código	652G02005
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Mosquera Castro, Estefanía	Correo electrónico	e.mosquera@udc.es	
Profesorado	Mosquera Castro, Estefanía	Correo electrónico	e.mosquera@udc.es	
Web				
Descripción xeral				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer o currículo de Lingua e Literatura Galega na E. Primaria.		A45	
Ser capaz de analizar criticamente as propostas curriculares procedentes da administración educativa.		A45	B3
Coñecer o comportamento fónico, morfosintáctico, léxico e pragmático da lingua galega.		A46	
Utilizar en cada contexto comunicativo os trazos fónicos, morfosintácticos e léxicos adecuados da lingua galega.		A46	
Distinguir o dialectal do estándar e o correcto do incorrecto, e aplicar estas distincións á aprendizaxe da lingua galega na aula de E. Primaria.		A46	
Posuér un dominio alto da expresión oral, da lectura e da escritura en lingua galega.		A46	
Expor con corrección, falando e escribindo en lingua galega, ideas previamente elaboradas, e facelo de maneira coherente e organizada.		A46	B9
Saber comunicarse no centro educativo de xeito apropiado e eficaz en lingua galega nas diferentes situacions docentes.		A43	B3
		A44	B7
		A45	B8
		A46	B9
		A47	B10
		A48	B13
		A49	B21
		A50	B22
		A51	B23
		A52	B24
		A53	B25
Ser capaz de organizar e conducir o desenvolvemento das destrezas orais e escritas en lingua galega na E. Primaria.		A50	
Coller gusto e hábito pola lectura e pola escritura en lingua galega e fomentalos no alumnado.		A48	
Tomar conciencia do papel do profesorado como modelo lingüístico		A46	
		A48	
		A52	C1
Acadar un dominio axeitado da expresión oral e escrita en lingua galega		A46	C1
			C2
Coñecer os principais recursos bibliográficos e dixitais para o ensino-aprendizaxe da lingua galega			B15 C3



Coñecer o marco xurídico polo que se rexe a utilización das lingua no sistema educativo galego	A45		
Aprender a desenvolver a programación didáctica na área lingüística	A45		
Coñecer as metodoloxías para o ensino da lingua en contextos multilingües	A50		
Coñecer as particularidades da situación sociolingüística galega	A49		
	A50		
Saber deseñar estratexias para a aprendizaxe da lingua galega do alumnado galegofalante e non galegofalante	A49		
	A50		
	A52		
Saber transmitir actitudes e valores positivos en relación coa lingua e cultura galega	A50		

## Contidos

Temas	Subtemas
1. A lingua galega e a súa didáctica na E. Primaria.	1.1. O marco lexislativo da lingua galega. Implicacións educativas. 1.2. O contexto sociolingüístico galego: contacto de linguas e prexuízos lingüísticos 1.3. O currículo de Lingua e Literatura Galega.
2. A competencia na lingua galega.	2.1. A competencia lingüística e as destrezas básicas. 2.2. O desenvolvemento das destrezas en lingua galega na E. Primaria. 2.2.1. A comprensión e a expresión oral. 2.2.2. A lectura e a escritura: o papel da literatura 2.3. A competencia na lingua galega do profesorado de E. Primaria.
3. A didáctica da lingua galega: cuestións xerais e de método	3. 1. Lingua e usos 3.2. O modelo normativo, as variedades diatópicas e a lusofonía e o seu tratamento na E. Primaria 3. 3. Os materiais de apoio para o profesorado de E. P
4. A didáctica da lingua galega: a componente fonética e ortográfica	4.1. A aprendizaxe dos trazos fónicos da lingua galega na E. Primaria. 4.1.1. A expresión oral e a pronuncia 4.1.2. A expresión escrita e a ortografía 4.1.3. Recursos didácticos
5. A didáctica da lingua galega: a componente morfosintáctica	5.1. A aprendizaxe da morfosintaxe da lingua galega na E. Primaria 5.1.1. Obxectivos e problemas metodolóxicos 5.1.2. A competencia gramatical e as unidades morfonsintácticas básicas da lingua galega 5.1.3. Estratexias pedagóxicas
6. A didáctica da lingua galega: a componente lexical e semántica	6.1. A aprendizaxe do léxico e da semántica da lingua galega na E. Primaria 6.1.1. O léxico en contexto 6.1.2. O enfoque para a aprendizaxe do léxico 6.1.3. Ferramentas didácticas
7. Novas aproximacións na didáctica da lingua galega	7.1. A lingua galega e as TIC: recursos web, novos tipos de textos e códigos gráficos 7.2. A lingua galega e o audiovisual: a música, o cinema, a dobraxe, o teatro etc. 7.3. A lingua galega e a aprendizaxe lúdica: obradoiros, contacontos, lipdubs etc.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba de ensaio	A45 A46 A49 B3 B9 B15 C1	3	27	30



Lecturas	A45 A48 A50 A52 B15	2	30	32
Obradoiro	A46 A50 A52 B7 B9 B15	15	20	35
Sesión maxistral	A43 A45 A48 A49 B3 B7 B9	19	2	21
Traballos tutelados	A44 A47 A48 A51 A52 A53 B3 B8 B9 B10 B13 B15 B21 B22 B23 B24 B25 C2 C3 C8	6	23	29
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Proba de ensaio	Con esta proba preténdese determinar tanto os coñecementos adquiridos polo alumnado durante o curso como a súa competencia en expresión escrita en lingua galega, a súa capacidade de relación e a súa madurez crítica.
Lecturas	O alumnado utilizará documentación bibliográfica proporcionada polo profesorado para ampliar os seus coñecementos sobre a materia e os contidos traballados. Así mesmo, tamén se fará un aproveitamento didáctico delas, nomeadamente daquelas de natureza literaria.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes en que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas etc.) a través das que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e a supervisión do profesorado e cunha dupla finalidade: por unha banda, verificar a asimilación das nocións teóricas e, por outra, a exploración da proxección que as ditas nocións poden ter no campo da práctica docente
Sesión maxistral	Exposicións orais complementadas con materiais de apoio e con introdución de preguntas teóricas e prácticas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitirle coñecementos, facilitarle a aprendizaxe e afacelo á aplicación práctica cotiá.
Traballos tutelados	Realización dun ou varios traballos, orais e/ou escritos, grupais e/ou individuais, relacionados con calquera aspecto dos tratados no programa docente. Estes serán fundamentais no momento de o alumnado superar con éxito a materia, na medida en que dan índice da súa madureza científica.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados Obradoiro	Realización, revisión e comentario de prácticas encamiñadas á mellora da competencia expresiva en lingua galega dos alumnos e das alumnas que o poidan precisar.  Consultas relacionadas con calquera das explicacións e das actividades realizadas todo ao longo das horas presenciais ou das non presenciais e de traballo autónomo do alumnado.  Os docentes estarán dispoñibles, tanto no horario de titorías previamente marcado como a través do correo electrónico, para calquera dúbida relacionada coa materia ou co desenvolvemento do curso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Traballos tutelados	A44 A47 A48 A51 A52 A53 B3 B8 B9 B10 B13 B15 B21 B22 B23 B24 B25 C2 C3 C8	Realización de traballos titorizados guiados que se negociarán co grupo-clase e que constarán dunha parte escrita e dunha presentación oral	30
Proba de ensaio	A45 A46 A49 B3 B9 B15 C1	Avaliación dos coñecementos aprendidos e da capacidade de relación e madurez crítica respecto deles, así como da competencia en expresión escrita en lingua galega mediante preguntas equiparábeis ás realizadas nas sesións teóricas e interactivas	40
Lecturas	A45 A48 A50 A52 B15	Valoración da comprensión da(s) obra(s) lida(s) e das capacidades de análise, razonamento, relación e organización das súas posibilidades na didáctica da lingua, mediante un traballo escrito.	30

**Observacións avaliación**

- Na cualificación final da materia tamén influirán variantes como a asistencia e a participación nas aulas, o interese mostrado polas actividades propostas, a valoración da resposta do alumnado e das achegas académicas e das actitudes profesionais demostradas no marco da docencia presencial.
- Para aprobar a materia será necesario ter superadas todas as partes. - A avaliación do alumnado que non asiste regularmente ás aulas será feita na súa totalidade con base na proba de ensaio, que ademais poderá ser diferente á que se propoña para a modalidade en que esta é só unha parte. - No exame de xullo só se repetirá a parte suspensa e manterase a nota daquelas que foron superadas, se ben que isto non será aplicábel dun curso para outro. - O alumnado deberá ser capaz de expresarse con corrección e fluidez en todas as probas de avaliación

**Fontes de información**



Bibliografía básica	Ares, Mª do C. e X. Arias (1986): "O galego estándar sen merma da variante dialectal", Revista Galega de Educación, número 3, páxinas 29 a 31.Callón, C. (2012): Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez. Vigo: Xerais. Carpente Allegue, B. (coord.) (2004): Gramática insubordinada. Obradoiro de Lingua Gianni Rodari. Vigo: Xerais. Cassany, D. et alii (1994): Enseñar lengua. Barcelona: Graó.Castro Soliño, D. e Gullón González, R. (1996): ?Didactica da lingua nos medios de comunicación?, en Álvarez Blanco, R., F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.): A Lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Interacional. Volume II. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. 433-442.Doural Rocha, A. (1995): Didáctica da redacción, narración e descripción. Vigo: Xerais.Espiño, M. e H. Sánchez (1990): Aprender palabras e significados. A léxico-semántica. A Coruña: Vía Láctea.Feixó Cid, X. (2003): Dicionario galego dos nomes. Vigo: Xerais.Fernández Rei, E. (1996): ?O ensino da fonética galega a castelanfalantes: problemas e métodos?, en Álvarez Blanco, R., F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.): A Lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Interacional. Volume II. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. 443-452.Fernández Rei, F. (1987): "Aplicación da Dialectoloxía na aprendizaxe do galego común", en Grial, número 96. Vigo: Galaxia, páxinas 131 a 150.Ferreiro, M. (1999): Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe. Santiago de Compostela: Laioveneto. Ferreiro, M. (2001): Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía. Santiago de Compostela: Laioveneto.Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1998, 2000, 1999, 2002]: Gramática da lingua galega. I. Fonética e Fonoloxía. II Morfosintaxe. III Semántica. IV Gramática do texto. Vigo: A Nosa Terra. Freixeiro Mato, X. R. (2006): Manual de gramática galega. Vigo: A Nosa Terra. Freixeiro Mato, X. R. (2009): Lingua de Calidade. Vigo: Xerais.Freixeiro Mato, X. R. (2013): Estilística da lingua galega. Vigo: XeraisGarcía Negro, M. P. (Ed.) (2009): Sobre o racismo lingüístico. Ames: Laioveneto.García Piqueras, I. (1996): ?Adquisición y recepción de la lengua gallega: una perspectiva castellano-hablante?, en Álvarez Blanco, R., F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.): A Lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Interacional. Volume II. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. 467-474.Hermida Gulías, C. (2004): Gramática práctica (Morfosintaxe). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.Iglesias Álvarez, A. (2007): ?Os preconceptos lingüísticos segundo a idade?, en Méndez López, I e A. Sánchez Perez (eds.): Lingua e idade. III Xornadas sobre lingua e Usos. A coruña: Servizo de Publicacións da UDC. 165-182.López Viñas, X. / Lourenço Módia, C. / Moreira Leirado, M. (2010): Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baia Edicións.Mariño Paz, R. (1998): Historia da lingua galega. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.Medrano, C. (1994): 50 xogos de língua. Técnicas de comunicación oral e escrita. Vigo: Xerais. MEDRANO, C. (1998): Outros 50 xogos de lingua. Vigo: Xerais.Mosquera Castro, E. (2013): Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos: a linguaxe SMS. A Coruña: AS-PG.Núñez Singala, M. (2009): En galego, por que non? Contra os prejuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia.Peliquín Pérez, F. (1996): ?Estrategias didácticas para unha mellora das actitudes lingüísticas?, en Álvarez Blanco, R., F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.): A Lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Interacional. Volume II. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. 481-488. Peliquín Perez, F., C. Pérez Recarey e Rodeiro Barros, M. (1996): ?O lecer e a lingua oral: unha proposta creativa para a Educación Secundaria Obrigatoria?, en Álvarez Blanco, R., F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.): A Lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Interacional. Volume II. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. 489-501. REAL ACADEMIA GALEGA (2007): Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. A Coruña.Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2012): Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego. A Coruña.Regueira, X. L. (2013): ?Estándar oral e modelos de lingua?, A letra miúda nº2 ? Revista de Sociolingüística da CGENDL.Regueira, X. L. (coordinador) (1999): Os sons da lingua. Vigo: Xerais.Rodari, G. (2013): Gramática da fantasía: introducción á arte de contar historias. Pontevedra: Kalandraka. Sánchez Rei, X. M. (2011): Lingua galega e variación dialectal. Noia: Laioveneto. Sanmartín Rei, G. (2009): Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais. Sanmartín Rei, G. (Coord.) (2006): Criterios para o uso da lingua. A Coruña: Universidade da Coruña. Sanmartín Rei, G. (Coord.) (2007): Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña: Universidade da Coruña.Silva Valdivia, B. (1992): ?Sociolingüística e didáctica da lingua en Galicia. Aproximación ó pensamento dos futuros profesores de lingua?, Cadernos de Lingua 6, 125-135.Silva Valdivia, B. (2007): ?A lingua galega nas etapas de educación infantil e primaria?, en Méndez López, I e A. Sánchez Perez (eds.): Lingua e idade. III Xornadas sobre lingua e Usos. A coruña: Servizo de Publicacións da UDC. 41-52. Silva Valdivia, B. (coord.) (1994): Didáctica da lingua en situacions de contacto lingüístico. Santiago de Compostela. ICE Universidade de Santiago de Compostela.
---------------------	---



Bibliografía complementaria	Cairney, Th. (1992): Enseñanza de la comprensión lectora, Madrid, Morata.Camps, A y F. Zayas (coords.) (2006): Secuencias didácticas para aprender gramática. Madrid: Aguilar.Cassany, D. (2006): Taller de textos: leer, escribir y comentar en el aula. Barcelona: Paidós. Cassany, D. (2007): Describir el escribir: cómo se aprende a escribir. Barcelona: Paidós. Cassany, D. (2007): La cocina de la escritura. Barcelona: Anagrama. Cassany, D. (2012): En línea: leer y escribir en la red. Barcelona: Anagrama.Cassany, D. (2013): Tras las líneas: sobre la lectura contemporánea. Barcelona: Anagrama.Costa Bravo, C., J. J. Jiménez Gómez e C. Vela Delfa (2003): ?Los textos electrónicos en la enseñanza de lenguas extranjeras?. Interlingüística, 14. Domínguez Cuesta, C. (2005): ?El lenguaje de los SMS y del chat en las aulas?. Cuadernos de Pedagogía, 343. 65-69.Fontich Vicens, X. (2006): Hablar y escribir para aprender gramática. Barcelona: ICE-ORSORI.Graves, D. H. (1991): Didáctica de la escritura. Madrid: Morata.Kohan, S. A. (2006). Taller de lectura: el método. Barcelona: Alba.López, A. e E. Encabo (2001): El desarrollo de habilidades lingüísticas: una perspectiva crítica. Granada: Grupo Editorial Universitario.López, A. e E. Encabo (2002): Introducción a la didáctica de la lengua y la literatura: un enfoque sociocrítico. Barcelona: Octaedro.Martín Vegas, R. A. (2009): Manual de Didáctica de la Lengua y la Literatura. Madrid: Síntesis.Mendoza Fillola, A. (coord.) (1998): Conceptos clave en didáctica de la lengua y la literatura. Barcelona: S. E. D. L. L. / UB ? I. C. E. / Horsori.Mendoza Fillola, A. (coord.) (2003): Didáctica de la lengua y la literatura para Educación Primaria. Madrid: Pearson Educación.Mendoza Fillola, A. et alii (1996): Didáctica de la lengua para la Enseñanza Primaria y Secundaria. Madrid: Akal.Ninyoles, R. (1976): Cuatro idiomas para un estado. Madrid: Cambio 16.Sánchez Miguel, E. (2010): La lectura en el aula: qué se hace, qué se debe hacer y qué se puede hacer. Barcelona: Graó.Unamuno, V. (2003):Lengua, escuela y diversidad sociocultural: hacia una educación lingüística crítica. Barcelona: Graó.
-----------------------------	---

#### Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

&nbsp;&nbsp;Coñecementos necesarios para cursar axeitadamente esta materia:

coñecementos amplos de gramática galega coñecementos do léxico común habitual da lingua galega.

coñecementos de sociolinguística galega dominio medio-alto da expresión oral e da escrita en lingua galega.&nbsp;

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías